

EMILIA PARDO BAZÁN, PENSADORA

ALBA IGLESIAS VARELA

Son moitos os adxectivos que se poden empregar para definir a figura intelectual de Emilia Pardo Bazán. Gallero refírese a ela (2024) na presentación que fai da súa edición dos textos críticos da coruñesa coma “cronista, ensaísta, prologuista, epistológrafa, editora, tradutora, conferenciante, axitadora cultural...”. Abundan as definicións de este tipo, nas que se recolle a amplitude das súas virtudes intelectuais, sen embargo, é habitual que unha das dimensións nas que tamén sobresaíu a nosa escritora sexa esquecida e non recoñecida, como xa sinalara Adolfo Sotelo. É este esquecemento da súa faceta como pensadora o *leitmotiv* desta pequena intervención.

Coma apunta o profesor Marcelino Agís (2023), a pretensión de estudar o pensamento da intelectual coruñesa non ten a finalidade de convertela nunha filósofa, pois non o é, pero que a formación de Emilia Pardo Bazán non implicase uns estudos regulados de filosofía non esgota a súa capacidade para formarse dunha forma autodidacta nesta disciplina e amosar nos seus traballos críticos unha forte influencia filosófica; e por outro lado esa condición de “non filósofa” non restrinxen a labor filosófica de rastrexar e analizar criticamente esas influencias que permitan comprender dunha forma holística o seu pensamento. Polo tanto, a negación da complexidade do pensamento de Emilia Pardo Bazán só pode sustentarse no descoñecemento, por unha banda, da obra da autora e por outra banda, da labor mesma da filosofía. Esta postura fronte á figura de Emilia Pardo Bazán provocou o que ben apunta o xa mencionado José Luis Gallero (2024, 12-13), a súa “formación intelectual, unha educación sentimental e unha circunstancia histórica decisiva, deberían figurar en calquera antoloxía do ensaísmo español. Lonxe disto, desapareceu de todas as edicións accesibles da novela, privando así ao lector da proba máis evidente, non xa do talento literario da súa autora, senón dese rango intelectual que, pese a ser de primeiro orde europeo, foi refusedo de forma pertinaz e mesquiña”.

A intención polo tanto, neste espazo de tempo, é o de elaborar un mapa intelectual xeral da nosa escritora desde o prisma filosófico para traer á nosa presenza esa faceta súa de pensadora. Para abordar isto sinalarei algúns dos puntos máis importantes do seu pensamento.

Nun primeiro lugar considero que é importante apuntar a importancia que a autora lle outorga á educación, de feito, de non ser así, é probable que no



estivésemos a falar dela nestes termos. Esta pensadora, de feito, tivo que recorrer a unha formación autodidacta para formarse de xeito integral e non segado como era o habitual nas mulleres da súa época e posición social. Ela mesma afirma nun escrito de 1886 que:

«Es difícil para el público que lee, y en el cual los hombres están en mayoría, formarse idea de lo difícil que es para una mujer introducir un poco de método en sus lecturas y hacerse una cultura autodidáctica. [...] Así para mí, comprendiendo que la instrucción que poseía no podía ser más ligera y mal fundada, mi erudición a la violeta y mis lecturas, por lo desordenadas, mejores para confundirme que para guiarme, fue un trabajo duro [e infructuoso] al principio, y que ejercí completamente sola, el de proponerme leer con fruto y enlazando y escalonando las lecturas, llenando aquí y allá los huecos de mi superficial instrucción, a modo de cantero que tapa grietas de pared, distribuyendo para conseguirlo mejor las horas del día y señalándome tarea, como de chiquita me sucedía con la costura. Con tanta fe lo hacía, que por mucho tiempo recuerdo que, al levantarme, me preparaba [...] una oración, [y] después creía que tenía la mente más despejada y el espíritu más abierto para que me entrase en él lo que iba estudiando.» (Pardo Bazán, 2003, s.p.)

A comezos do século XIX, a educación da muller enfocábase nunha formación adecuada para desenvolver as actividades precisas no ámbito doméstico. Este tipo de educación xa foi defendida por pensadores como Rousseau (1990, 494):

«[a educación da muller] debe referirse a los hombres. Agradarles, serles útiles, hacerse amar y honrar de ellos, educarlos de jóvenes, cuidarlos de adultos, aconsejarlos, consolarlos, hacerles la vida agradable y dulce: he ahí los deberes de las mujeres en todo tiempo, y lo que debe enseñárseles desde su infancia.» (Rousseau, 1990, 494)

A educación estaba tan influenciada pola tradición e a moral da época, que, aínda que no ano 1857 imponse a Lei Moyano que obrigaba a escolarizar ás nenas, a maior parte de elas non chegou a pisar unha escola, e cando o facían, o seu desenvolvemento intelectual non era a prioridade. Si o foi que aprenderan as labores domésticas (Ballarín, 2010).

O xénero non foi o único elemento determinante que influíu na educación das mulleres, a clase social foi outro factor a ter en conta tanto nas posibilidades de acceso como no tipo de educación que as mulleres podían ter. Coma en outros aspectos sociais, as mulleres de clases altas tiñan máis posibilidades de acceder a uns mellores estudos; de feito era habitual que, coma no caso da propia Emilia Pardo Bazán, as nenas das clases altas recibiran educación en colexios franceses.



Aínda así, é importante ter en conta que esta educación terminaba sendo un mero adorno nunha vida que tiña as liñas xa marcadas, xorda ás inquedanzas destas rapazas (Iglesias, 2023, 230-231).

«La mujer se ahoga, presa en las estrechas mallas de una red de moral menuda, menuda. Debercitos: gustar, lucir en un salón. Instrucccioncita: música, algo de baile, migajas de historia, nociones superficiales y trunca-das. Devocioncilla: prácticas rutinarias, genuflexiones, rezos maquinales, todo enano, raquíutico, como los albaricoqueros chinos. Falta el soplo de lo ideal, la línea grandiosa, la majestad, la dignidad, el brío.» (Pardo Bazán, 2006, 92-93)

A propia Pardo Bazán foi unha destas rapazas, e a súa educación non distou moito doutras mozas da súa posición. Sen embargo, favoreceulle o ambiente familiar no que veu ao mundo, pois ese ambiente defendía unha educación igualitaria e respectou as súas inquedanzas e súas ansias de coñecemento. Recordemos que a súa nai foi unha pintora e o seu pai un avogado próximo ao partido liberal progresista que viaxaba con asiduidade, algo que favoreceu que a nosa intelectual aprendese diferentes idiomas, o que lle permitiu a amplitude das súas lecturas e a súas labores de tradución.

Estas circunstancias, sumado a unha enorme curiosidade, fixeron de Pardo Bazán unhas das grandes pensadoras da súa época que non esgotou os seus intereses na literatura, unha das dimensións onde sobresaíu, senón que percorreu camiños coma os da filosofía. Recolle esta particularidade do seu pensamento, o filósofo Marcelino Agís (2022, 114-117) cando sinala algunhas das influencias filosóficas da intelectual galega, como o krausismo, o idealismo kantiano ou o idealismo hegeliano, e que demostran que moitas desas lecturas foron destinadas á formación filosófica facendo dela unha pensadora moi completa, tal e como se pode ver nos seus escritos.

Unha das maiores influencias no pensamento da nosa escritora o atopamos no krausismo. Pardo Bazán entra en contacto con esta corrente filosófica á súa volta dunha viaxe por Europa, dinos a coruñesa:

«Al regresar a España observé que, a vueltas de los azares cantonales, la guerra civil y demás peripecias de la tragedia política, preocupaba los ánimos un nuevo movimiento intelectual, que, saliendo del dominio limitado de las gentes pensadoras y estudiosas, agitaba el de la prensa y hasta el de los corrillos, casinos y tertulias. Llamábase esta novedad filosofía alemana o krausismo, y se contaban de sus adeptos mil particularidades extravagantes y contradictorias, propias para inflamar la curiosidad más incombustible.» (Pardo Bazán, 2024, 33)



A súa realación co krausismo explícase dende o contexto das súas ideas progresistas e a súa loita pola modernización intelectual e social de España. De feito, e coma sinala Carmen Bravo Villasante (1962, 244), unha das primeiras biógrafas da escritora, “La Pardo Bazán, como Valera, como tantas otras figuras del XIX, intentó realizar el esfuerzo desesperado de conciliación entre lo tradicional y lo moderno en todos los aspectos: literatura, arte, sociedad, moral, política, religión. Por ello con tanta frecuencia se proclamaba ella ecléctica en todo”.

Aínda que non se pode dicir que Pardo Bazán fose unha seguidora estrita das doutrinas krausistas, compartiu algúns dos ideais desta corrente filosófica, especialmente no que respecta á educación, á liberdade e á igualdade das mulleres.

O krausismo orixinouse a partir das ideas do pensador alemán Karl Christian Friedrich Krause (1781-1832). Esta filosofía promove a harmonía entre a razón e a espiritualidade, a defensa da liberdade individual e a educación como un medio de rexeneración moral e social. O krausismo foi introducido en España por pensadores como Sanz del Río, quen foi responsable de adaptar e difundir estas ideas, aínda que como sinala Emilia Pardo Bazán (2024, 33) a acollida non foi unánime e existiron moitas voces detractoras:

«Unos los daban por materialistas, ateos o panteístas capaces de adorar, como los egipcios, puerros o cebollas; otros aseguraban que eran excesivamente caritativos y piadosos, y aun rezadores. Lo que más soliviantaba a la gente era el lenguaje especial –la jerigonza, decían muchos– de la flamante secta, que empleaba términos abstractos, jamás usados, apestando desde una legua a germanismos.»

O contacto de Emilia Pardo Bazán co krausismo foi fruto, como ela mesma di, dunha voraz curiosidade e tamén pola incompreensión do seu tío con esta nova filosofía, anécdota que ela mesma conta nos seus *Apuntes biográficos*. Da súa introdución ao krausismo derivou un gusto pola lectura filosófica, tal e como ela mesma afirma elocuentemente no seguinte párrafo:

«Hoy comprendo cuánto debo a la curiosidad aquella que me movió a revolver documentos krausistas. Merced a ella cobré afición a la lectura seguida, metódica y reflexiva, que pasa de solaz y toca en estudio. [...] y Krause y su armonismo me sirvieron únicamente de tránsito para repasar, sin convencerme tampoco, pero con el placer que se siente al leer un hermoso poema, la famosa identidad de Schelling el yo que se pone a sí mismo del elocuente Fichte, la razón pura de Kant, las discutibles pero magníficas teorías estéticas de Hegel, y ya tomado el gusto, para retroceder (hablo en sentido cronológico) a Santo Tomás, a Descartes, Platón y Aristóteles.» (Pardo Bazán, 2024, 35)



Non sería cauto asumir a Emilia Pardo Bazán coma unha krausista no sentido estricto, pois aínda que o seu pensamento estivo influenciado por algúns dos principios fundamentais deste movemento, especialmente en termos de modernización social e educativa, noutros moitos aspectos, a núa pensadora posicionouse nas antípodas.

Emilia Pardo Bazán compartía a visión krausista de que a educación era o principal motor de cambio na sociedade. A través dos seus ensaios e artigos, defendeu a necesidade de reformar o sistema educativo español, avogando por un ensino moderno e accesible para todos, e especialmente para as mulleres. Na súa obra, a escritora salientou o papel crucial que a educación feminina tiña para lograr unha sociedade máis xusta e igualitaria. Aspecto este do seu pensamento que entronca coa proposta krausista de renovar o papel da muller na sociedade, un dos temas centrais no pensamento de Pardo Bazán e no que nos centraremos máis adiante.

Do mesmo xeito que os krausistas, Pardo Bazán defendía a liberdade individual e a importancia de que cada persoa, home ou muller, puidese desenvolver o seu potencial intelectual e moral sen as ataduras impostas pola sociedade ou a relixión. Na súa literatura e nos seus ensaios, a miúdo criticaba a rixidez das normas sociais e os prexuízos da súa época, buscando un equilibrio entre a razón, a ética e a liberdade.

Aínda que compartiu algunhas das preocupacións dos krausistas, Emilia Pardo Bazán mantivo certa distancia crítica con respecto a este movemento, dende unha posición de independencia intelectual e adaptando aquelas ideas que lle agradaban e cubrían as súas necesidades intelectuais.

Dentro deste movemento, a súa principal influencia, máis aló das lecturas da obra de Krause, encontrouna no pensador Francisco Giner de los Ríos, co que mantivo unha amizade ata o falecemento deste no ano 1915 e aínda que ela mesma sinala o espazo intelectual entre os dous: “Nacía esta amistad, no de similitud de ideas, sino de un fraternal cariño [...]” (Pardo Bazán, 2024, 333) ou “necesito repetirlo: afinidades de pensamiento, en cosas muy fundamentales, no existían entre este sabio y yo” (Pardo Bazán, 2024, 336), admitía tamén “cuántas indicaciones llenas de luz debí a don Francisco Giner...” (Pardo Bazán, 2024, 334) pois, como apunta o profesor Agís (2023, 111-114), Emilia Pardo Bazán converteuse nunha discípula á que Giner de los Ríos guiaba na súa formación filosófica a través de lecturas escollidas.

A pesares de esta distancia que Emilia Pardo Bazán quere facer ver na súa relación intelectual con Giner de los Ríos, existía un punto de encontro que ambos compartían, o pensamento feminista, pois tal e como sinala dona Emilia (2024, 337), “Giner, como hombre de vida honesta, era feminista incondicional”.

Foi este aspecto un dos máis salientables do pensamento da nosa intelectual, pois na súa época non existían un espazos sociopolíticos onde discutir e visibilizar



as problemáticas en torno á situación social da muller e a necesidade de clamar a súa posición como suxeitos de dereito en igualdade cos homes. Emilia Pardo Bazán foi unha das pioneiras que, a través da súa labor intelectual, axudou a construír estes espazos, abrindo a porta ao pensamento feminista que xa comezara a súa andaina en outros países de Europa.

Ten razón Gallero (2024, 13) ao afirmar que Emilia Pardo Bazán “naceu demasiado xoven nun mundo demasiado vello” pois a súas ideas sobre estes temas que na súa época eran controvertidos, foron moi adiantadas ao seu tempo e mesmo nalgúns casos revolucionarias, chegando a afirmar que non se podía definir á muller nin as súas actividades sociais en base á redución á figura de nai, tal e como defende a escritora galega no seu artigo “A educación da muller”:

«É un erro grave e dos máis prexudiciais, inculcar á muller que a súa misión única é a de esposa e nai; equivale a dicirlle que por si non pode ser nada, e aniquilar nela o seu eu moral e intelectual, [...]. E, [se a muller] permanece solteira, pode ser moi útil, moito, á sociedade, farto necesitada de persoas que contribúan a mellorala, aínda que non contribúan á conservación da especie.» (Pardo Bazán, 1892, 307)

A afirmación que podemos ler neste fragmento do texto da pensadora, responde a unha necesidade de afrontar a tendencia xeneralizada de comprender o destino da muller ligado ao de maternidade, de forma tal que a “natureza da muller” defínese en tanto que é nai. Esta forma de comprender o “suxeito muller” axudou a reducir o seu ámbito de acción ao espazo do privado, ao espazo doméstico, afastando as súas posibilidades de participar activamente nos espazos públicos de decisión. No seguinte texto, publicado no ano 1901, podemos ler a mesma idea:

«A condición da muller contemporánea reséntese – ata que punto, dixérono con lóxica inflexible Stuart Mill e tantos outros – da anomalía creada polos acontecementos que engrandeceron ao home e deixaron á muller na súa reducida esfera de acción, no seu recuncho de Cincenta.» (Pardo Bazán, 2021, 228)

Podemos aproveitar para sinalar aquí outra das influencias filosóficas da nosa escritora, a da obra de Stuart Mill e Harriet Taylor Mill, *A escravitude feminina*, que a propia Emilia traduciu e prologou na súa edición en España no ano 1892.

Emilia Pardo Bazán foi, xunto con outras autoras e pensadoras, unhas das pioneiras en loitar por una educación de calidade para as mulleres:

«A instrución e cultura racional que a muller adquira, adquíraas en primeiro termo para si, para desenvolvemento da súa razón e natural exercicio do



seu entendemento, porque o ser racional necesita exercitar as facultades intelectivas o mesmo que necesita non deixar atrofiarse os seus demais órganos. E todo o que sexa inverter os termos antepoñendo o secundario, o conceptúo funesto e degradante.» (Pardo Bazán, 2021, 146)

A educación é, para a intelectual galega, un dereito de toda persona independentemente no seu xénero ou condición. Ao igual que a súa contemporánea, Concepción Arenal, a educación é vista como o camiño preciso para conseguir un futuro diferente a través do tan necesario cambio social:

«Mientras la educación masculina se inspira en el postulado optimista, o sea la fe en la perfectibilidad de la naturaleza humana, que asciende en suave y armónica evolución hasta realizar la plenitud de su esencia racional, la educación femenina dérivase del postulado pesimista, ósea del supuesto de que existe una antinomia o contradicción palmaria entre la ley moral y la ley intelectual de la mujer, cediendo en daño y perjuicio de la moral cuanto redunde en beneficio de la intelectual, y que –para hablar en lenguaje liso y llano– la mujer es tanto más apta para su providencial destino cuanto más ignorante y estacionaria, y la intensidad de educación, que constituye para el varón honra y gloria, para la hembra es deshonor y casi casi monstruosidad.» (Pardo Bazán, 2006, 86-87)

Estas reivindicacións de Pardo Bazán fanse dende unha claridade intelectual que responde á magnitude das súas lecturas, á amplitude dos seus coñecementos, moitos deles no ámbito da filosofía, e a súa posición vantaxosa ao posuír unha especial intelixencia e visión crítica. Referirse á Emilia Pardo Bazán como pensadora abre a posibilidade de estudar a súa obra a través dun prisma máis acaído.

BIBLIOGRAFÍA

- Agís Villaverde, M. (2022). As influencias filosóficas, en M. Agís Villaverde (coord.), *4 mulleres de palabra. Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova*. Ibersaf Editores.
- Agís Villaverde, M. (2023). Raíces filosóficas do pensamento de Emilia Pardo Bazán, en M. Agís Villaverde, J. Barcia González, R. Carolo Tosar, A. Iglesias Varela (eds.), *Purificación Mayobre: pensar o mundo en feminino. Centenario da morte de Emilia Pardo Bazán* (pp. 157-178). Sociedade Interuniversitaria de Filosofía, Universidade de Vigo.
- Ballarín Domingo, P. (2010). La educación de la mujer española en el siglo XIX. *Historia De La Educación*, 8. <https://revistas.usal.es/tres/index.php/0212-0267/article/view/6837>
- Bravo Villasante, C. (1962). El patriotismo de Doña Emilia Pardo Bazán. *Cuadernos Hispanoamericanos*, (146), pp. 243-252. <https://www.cervantesvirtual.com/obra/n-146-febrero-1962/>
- Gallero, J.L. (2024). Prólogo, en E. Pardo Bazán, *Floricultura. Textos críticos 1881-1921* (pp. 9-14). Huerga Fierro Editores.
- Iglesias Varela, A. (2023). O pensamento feminista de Emilia Pardo Bazán: a conquista dunha sociedade máis xusta a través da educación, en M. Agís Villaverde, J. Barcia González, R.



- Carolo Tosar, A. Iglesias Varela (eds.), *Purificación Mayobre: pensar o mundo en feminino. Centenario da morte de Emilia Pardo Bazán* (pp. 157-178). Sociedade Interuniversitaria de Filosofía, Universidade de Vigo.
- Pardo Bazán, E. (1892). La educación de la mujer. *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, (377), pp. 305-312.
- Pardo Bazán, E. (2003). Transcripción del manuscrito autógrafo. En A.M. Freire López, *La primera redacción, autógrafa e inédita de los "apuntes autobiográficos" de Emilia Pardo Bazán*. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes. https://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/la-primera-redaccion-autografa-e-indita-de-los-apuntes-autobiograficos-de-emilia-pardo-bazan-0/html/ffbb8ec8-82b1-11df-acc7-002185ce6064_2.html
- Pardo Bazán, E. (2006). *La educación del hombre y la de la mujer. La dama joven. Memorias de un solterón*. Servizo Galego de Igualdade, Sotelo Blanco Edicións.
- Pardo Bazán, E. (2021). *Algo de feminismo y otros escritos combativos*. Alianza Editorial.
- Pardo Bazán, E. (2024). *Floricultura. Textos críticos 1881-1921* (Edición de José Luis Gallero). Huerga Fierro Editores.

